



## **PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO EN CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2024-2025**

### **INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS**

#### **a) Normativa reguladora do procedemento.**

[DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

[ORDE do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Acordo do 11 de outubro de 2023 sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docentes da comunidade autónoma de Galicia, no que sexa aplicable.

Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-2025.



**b) Prazo de presentación das solicitudes de reserva.**

O prazo de presentación de solicitudes de reserva (ED550A) comprende entre os días 15 de xaneiro e 5 de febreiro (ambos incluídos).

**c) Data de publicación da listaxe do alumnado con posto reservado.**

No caso do procedemento de reserva de postos, se o número de postos dispoñibles no centro de adscrición é suficiente para atender todas as solicitudes presentadas en prazo, o centro adscrito e o centro de adscrición publicarán a listaxe definitiva do alumnado con posto reservado o día 22 de febreiro.



**d) Postos escolares ofertados en cada nivel e etapa**

<b>CPR PLURILINGÜE SANTO ÁNGEL</b>
<b>Listaxe de vacantes</b>
<b>Curso 2024/2025</b>

<b>Nome do curso</b>	<b>Num. vacantes</b>
4º Educación infantil	40
5º Educación infantil	10
6º Educación infantil	2
1º Educación primaria	11
2º Educación primaria	8
3º Educación primaria	1
4º Educación primaria	0
5º Educación primaria	4
6º Educación primaria	5
1º Ensinanza secundaria obrigatoria	10
2º Ensinanza secundaria obrigatoria	4
3º Ensinanza secundaria obrigatoria	7
4º Ensinanza secundaria obrigatoria	19



### **e) Forma e Prazo de presentación das solicitudes de admisión.**

O **prazo de presentación de solicitudes de reserva** (ED550A) comprende entre os días 15 de xaneiro e 5 de febreiro (ambos incluídos).

O **prazo de presentación de solicitude de admisión** (ED550B) comprende entre o día 1 e o 20 de marzo (ambos incluídos).

#### **a) Presentación electrónica de solicitudes (ED550A e ED550B):**

1. A persoa solicitante ten que acceder á aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumando>) e cubrir o modelo ED550A - anexo I ou o modelo ED550B – anexo II, para o que necesariamente ten que dispoñer dun certificado de identidade e sinatura dixital (como o certificado da Fábrica Nacional de Moneda e Timbre ou calquera outro admitido pola sede) ou un sistema de usuario e clave como a *Chave365*.
2. Ademais, terán que cubrir o modelo anexo I-bis ou o modelo anexo II-bis (comprobación de datos e consentimento), segundo corresponda, imprimilo, e unha vez asinado de forma manual pola outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, escanealo.
3. A seguir, a aplicación permite conectar coa sede electrónica da Xunta de Galicia para asinar e presentar a solicitude utilizando calquera dos medios de identidade e sinatura do punto 1º. Xunto coa solicitude deberá achegar o anexo I-bis ou o anexo II-bis e o resto de documentación que, de ser o caso, fose precisa (libro de familia, sentenza de separación, documentación acreditativa do alumnado con necesidades específicas,...).
4. O xustificante da presentación electrónica da solicitude (ED550A ou ED550B) só se xera cando a persoa a asine e a presente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, e indica a data de presentación.
5. No caso de solicitudes de admisión (ED550B), o número que aleatoriamente lle asignou aplicación *admisionalumnado* no momento da súa gravación (que se terá en conta, de ser o caso, para desempatar) poderá consultarse, xunto co estado de tramitación da solicitude, na devandita aplicación.

#### **b) Presentación presencial de solicitudes (ED550A e ED550B):**

1. A solicitude de reserva (ED550A) e o anexo I-bis, pode presentarse no centro docente no que estea matriculado nese momento o alumnado; e a solicitude de admisión ordinaria (ED550B) e o anexo II-bis, no centro docente indicado en primeiro lugar. En ambos casos, tamén se poden presentar en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. Tamén deberá ir acompañada da documentación indicada no anterior punto 3º da letra a).



3. A asignación aleatoria do número para os efectos de desempate, prodúcese no momento da gravación da solicitude na aplicación *admisionalumnado* por parte do centro. Polo tanto, se a gravación é simultánea á presentación, o centro entrégalle á persoa solicitante o xustificante xerado na aplicación, que indicará a data de presentación da solicitude e o número aleatorio asignado.

Se por motivos organizativos ou de xestión do centro, a gravación ten lugar nun momento posterior á presentación, entregaráselle un xustificante no que constará a data de presentación e selo do centro. Cando o número de solicitudes sexa superior ao de postos ofertados, as persoas interesadas poderán consultar o número aleatorio asignado pola aplicación na listaxe que se publique o 21 de marzo de 2024.

En todo caso, tanto este número como o estado de tramitación das solicitudes, poderán consultarse en calquera momento na aplicación *admisionalumnado*, mediante certificado dixital ou Chave 365.

#### **A solicitude será única (artigo 26)**

A solicitude de reserva (ED550A) e a solicitude de admisión ordinaria (ED550B) son **únicas e vinculantes**. Non obstante, poderá renunciarse na forma indicada a continuación.

- **Para renunciar a un posto reservado** será necesario ter presentado un escrito de renuncia no centro docente coa data límite do día 28 de febreiro de 2024. Na solicitude de admisión ordinaria ED550B presentada en prazo terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “Supostos específicos”.
- **Para renunciar a unha solicitude de admisión ordinaria anterior** (do 1 ao 20 de marzo) terá que presentar unha nova solicitude ED550B en prazo na que terá que cubrir os datos que aparecen no recadro “Supostos específicos”.

#### **Sinatura da solicitude (artigo 26)**

Os artigos 26.6 e 46 da orde establecen que en todos os casos de solicitude (de reserva, admisión ordinaria e escolarización extraordinaria) de alumnado menor de idade non emancipado é necesario o **consentimento de ambas persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras**, coa única excepción do consentimento do agresor nos casos de violencia de xénero.

En consecuencia, **todas as solicitudes deben figurar asinadas por unha das persoas proxenitoras/titoras/acolledoras, e debe xuntarse a todas o documento asinado co consentimento da outra (modelos: anexo I-bis, anexo II-bis)**.

Non obstante, nos casos de ausencia puntual da outra persoa proxenitora non separada nin divorciada, ou da outra persoa titora ou acollidora por circunstancias excepcionais (laborais, familiares, ...), poderá admitirse a presentación dunha declaración responsable da persoa que asine a solicitude indicando o motivo que impida o consentimento expreso da outra.

#### **Posto reservado a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (artigo 28)**

Na solicitude de admisión (ED550B) a persoa solicitante poderá optar expresamente por un posto reservado a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Neste caso, **xuntarase a solicitude a documentación xustificativa** das situacións ou circunstancias concretas do alumnado.



### **Membros computables da unidade familiar (artigo 12)**

1. Para os efectos desta orde, terán a consideración de **membros computables** da unidade familiar:

- a) As persoas proxenitoras non separadas legalmente nin divorciadas ou, de ser o caso, as titoras ou acolledoras do alumnado.
- b) Os/as fillos/as menores de idade.
- c) Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade que estean incapacitados xudicialmente e suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada e os fillos/as maiores de idade discapacitados cando teñan modificada a súa capacidade xurídica mediante a constitución de curatela representativa e así o acrediten mediante resolución xudicial.
- d) Os/as fillos/as solteiros menores de 25 anos se conviven no domicilio familiar.
- e) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga relación de afectividade ás anteriores con convivencia no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.

Polo tanto, nos casos de separación ou divorcio:

- Con **custodia compartida**: a unidade familiar está composta polas persoas proxenitoras e os seus descendente comúns
- Con **custodia exclusiva**: a unidade familiar está composta pola persoa proxenitora que teña a custodia exclusiva e os fillos suxeitos a esta custodia e, de ser o caso, polo novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora. Non se inclúe á outra persoa proxenitora do alumnado

2. As persoas proxenitoras separadas legalmente ou divorciadas con **custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.**

3. Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polas persoas proxenitoras e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do número 1.

4. Non terá a consideración de membro computable da unidade familiar:

- a) A persoa proxenitora que non teña a custodia, nos casos de separación ou divorcio.
- b) O agresor, nos casos de violencia de xénero.

5. En todo caso, **terase en conta a situación persoal, a composición da unidade familiar e os criterios de admisión por referencia á data de inicio do prazo para presentar solicitudes de admisión, agás os datos económicos (renda e IPREM), que serán do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural da solicitude.**

### **Irmáns (artigo 14)**

Na valoración do criterio de irmás ou irmáns matriculados en centros educativos públicos (artigo 9.1.a) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), consideraranse os escolarizados no centro adscrito ou no de adscrición no nivel inmediato superior.

### **Domicilio familiar ou lugar de traballo (artigo 15)**

**A acreditación do domicilio familiar realízase a través do certificado de convivencia expedido entre o 1 de marzo de 2023 e o 1 de marzo de 2024 que deberá indicar a data de alta. Se a residencia fose inferior a 1 ano, deberá achegar: escritura de compra, contrato de alugamento**



ou calquera outro título e recibos acreditativos do consumo de subministracións como auga, electricidade, gas, ...

Toda persoa que resida habitualmente nun concello está obrigada por lei a inscribirse no padrón municipal (artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), e a forma de acreditar que unha unidade familiar reside nun domicilio é o certificado de convivencia.

En canto a acreditación do lugar de traballo no caso de traballadores por conta allea, deberá terse en conta ademais do contrato de traballo o informe de vida laboral.

#### **Renda per cápita (artigo 16)**

Inclúe as cantidades obtidas da base imponible xeral (Casiña **435**) máis a base imponible do aforro (Casiña **460**) da **declaración do imposto sobre a renda das persoas física no exercicio 2022**, dividida entre o número de membros computables da unidade familiar a data 1 de marzo de 2024. Cando non se presentase declaración, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Para determinar a puntuación utilízase o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual de 2022, que está fixado en 6.948,24 € na disposición adicional centésima vixésima primeira da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2022.

#### **Familia numerosa (artigo 18)**

#### **Alumnado nado de parto múltiple (artigo 19)**

#### **Familia monoparental (artigo 20)**

De acordo co artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, inclúe as familias compostas por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ao seu cargo, nos seguintes supostos:

- a) Homes ou mulleres que afrontan a paternidade ou a maternidade en solitario.
- b) Viúvo/a e os fillos e fillas.
- c) Pai ou nai que queda a cargo de fillas e fillos sen que haxa custodia compartida.

Asimílese a un fillo ou a unha filla os tutelados ou acollidos polo único proxenitor ou proxenitora.

Para acreditar este criterio a persoa interesada terá que presentar a **certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia ou da autoridade competente doutras administracións públicas.**

#### **Discapacidade (artigo 21)**

Discapacidade igual ou superior ao 33 % dos membros computables da unidade familiar.

Así mesmo, terá a consideración de discapacidade equiparada ao 33 % a percepción de pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, e a percepción de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.



### **Violencia de xénero (artigo 22)**

A forma de acreditar a condición está recollida no artigo 5 da Lei 11/2007, do 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Calquera dos documentos indicados no devandito artigo son idóneos para acreditar a situación de violencia de xénero.

Ademais, hai que ter en conta que a letra g) do devandito artigo 5 admite calquera outro documento que se estableza regulamentariamente, polo que non é posible facer una enumeración exhaustiva. En consecuencia, se algunha persoa achega outra documentación distinta da expresamente citada no artigo 5 da lei, debe examinarse tomando como referencia este artigo da lei e, en caso de que existan dúbidas respecto da súa idoneidade, consultar coa xefatura territorial.

### **Vítima de terrorismo (artigo 23)**

Para a consideración de vítima de terrorismo (artigo 9.1.j) do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro), atenderase ao documento que acredite a dita situación conforme ao previsto na normativa vixente.





### **Crterios de admisión e puntuación: Artigo 9.1 (DECRETO 13/2022 - DOG do 11/02/2022)**

<b>Artigo</b>	<b>Criterio</b>	<b>Puntuación</b>
a)	Por unha irmá ou un irmán matriculados no centro	Primeiro irmán: 8 puntos
		Segundo e seguintes: 2 puntos cada un
b)	Por proximidade do domicilio familiar	Área de influencia: 8 puntos
		Áreas limítrofes: 4 puntos
b)	Por proximidade do lugar de traballo	Área de influencia: 6 puntos
		Áreas limítrofes: 3 puntos
c)	Por renda per cápita da unidade familiar	Inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
		Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
		Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto
		Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
d)	Por persoa proxenitora, titora ou acolladora traballadora do centro docente	3 puntos
e)	Por familia numerosa	Categoría especial: 3 puntos
		Categoría xeral: 2 puntos
f)	No caso de irmáns nados dun parto múltiple, sempre que soliciten o mesmo centro	Dous irmáns: 8 puntos
		Mais de dous irmáns: 10 puntos
g)	No caso de familia monoparental	2 puntos



## Criterios de admisión e puntuación: Artigo 9.1 (DECRETO 13/2022 - DOG do 11/02/2022)

Artigo	Criterio	Puntuación
h)	Por discapacidade igual ou superior ao 33 % dos membros computables da unidade familiar	Do alumno/a: 4 puntos
		Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora: 3 puntos
		Calquera das irmás ou dos irmáns: 1 punto por cada un
i)	Por condición de vítima de violencia de xénero de calquera dos membros computables da unidade familiar	2 puntos
j)	Por condición de vítima de terrorismo de calquera dos membros computables da unidade familiar	2 puntos
k)	Por criterio complementario do centro: Solicitantes de praza que sexan fillos de antigos alumnos (pai ou nai).	1 punto



## **f) Nota informativa**

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

***A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.***

## **g) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados.**

Cando os postos escolares dispoñibles en admisión no centro indicado en primeiro lugar non sexan suficientes para atender todas as solicitudes, o citado centro docente abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para que as persoas interesadas presenten de forma presencial nel a documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, para realizar á súa valoración e establecer unha orde de prelación.

Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- c) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural de presentación da solicitude.
- d) Título de familia numerosa.



- e) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar expedido pola Administración autonómica.
- f) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade por parte da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora, e achegar os documentos.

#### **h) Data de publicación da listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido e non admitido e prazo para formular reclamación.**

- Publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido e non admitido: **25/04/2024**
- Prazo de reclamación contra as listaxes provisionais: 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á data de publicación das listaxes provisionais do alumnado admitido e non admitido.
- Publicación das listas definitivas de alumnado admitido e non admitido: **15/05/2024**

#### **i) Prazo para formalizar a matrícula.**

- Prazo para formalizar a matrícula en Educación Infantil e Primaria: **do 20 ao 30 de xuño**
- Prazo para formalizar a matrícula en ESO: **do 23 de xuño ao 7 de xullo**

#### **k) Centros que ten adscritos e adscrición do centro a outro ou outros, se é o caso.**

O CPR Plurilingüe Santo Ángel está adscrito ao IES O Couto.

#### **l) Área de influencia do centro en cada unha das ensinanzas impartidas e áreas limítrofes.**

##### **Zona Específica CPR Plurilingüe Santo Ángel:**

Avda. Marcelo Macías; Avda. Portugal; Rúa Francisco de Moure; Rúa Xosé Álvarez González; Rúa Ervedelo; Ctra. de Madrid; e Río Miño.

##### **Zona Común para os colexios:**

Espazos comprendidos entre Rúa Euloxio Gómez Franqueira; Avda. de Marín; Ponte Nova; Avda. Ribeira Sacra; Rúa do Porto Vello; Rúa Pablo Iglesias; Rúa Alfonso Rodríguez Castelao; Rúa Otero Pedrayo; Rúa Ligrís Freire; Avda. Buenos Aires; Rúa Xoan de Novoa; Rúa Emilia Pardo Bazán; Rúa Pena Trevinca; Rúa A Coruña; Rúa Domingo Fontán; Rúa Ponte; Avda. Portugal; Rúa Francisco de Moure; Rúa Xosé Álvarez González; Rúa Ervedelo; Ctra. de Madrid.



### **m) Servizos complementarios**

- Servicio de comedor con cociña propia.
- Atención temperá dende as 7,30 horas.
- Plataforma Educativa: Educamos
- Seguro Escolar non obrigatorio
- Actividades extraescolares
- Escola de Idiomas e Escola de Teatro
- Actividades pastorais: Movemento Calasancio

**n) A admisión e a matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicarán respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado**